



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes  
Sección de Educación, Cultura e Deportes  
Expediente: 202000008137

## RESOLUCIÓN NÚM.29061 DO 28/09/2020 POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS DE INVESTIGACIÓN 2020-ÁREA DE ESTUDOS DE XÉNERO

Don **Valentín González Formoso**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Por resolución da presidencia n.º 26275, do 04 de setembro de 2020, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas de investigación 2020-Área de estudos de xénero e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se fora o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Visto que no dito prazo non se presentaron desistencias, alegacións ou emendas.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

### RESOLVO:

**1.- Conceder definitivamente** as bolsas ás seguintes persoas:

**Titular da bolsa:** LEMA PARIS, ÁNXELA

NIF: \*\*\*6570\*\*

Expediente: 2020000024036

Título do proxecto obxecto da bolsa: A poesía galega como ferramenta contra a LGTBIQ fobia

Importe da bolsa: 8.000 €

**Titular da bolsa:** VIDAL VALIÑA, CARMEN MARINA

NIF:\*\*\*6755\*\*

Expediente: 2020000019802

Título do proxecto obxecto da bolsa: As bibliotecarias Luisa Cuesta e María De Los Ángeles Tobío: dous exemplos de mulleres modernas e comprometidas na Galicia da II república e a guerra civil

Importe da bolsa: 8.000 €

**2.- Dispor o gasto** das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, fase A, operación nº 220200018506, por importe total de 16.000 €

**3.- Nomear suplentes** ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Suplente 1: Garrote Espantoso, Menchu

Suplente 2: Pascual Espinilla, Sergio

Suplente 3: Amigo Ventureira, Ana María

Suplente 4: Curros Espiño, María

Suplente 5: Valdomir Turnes, Elba

**4.- Publicar** a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.